



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE NOVEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dunha senda na AC-424. Puntos quilométricos 1+150 -1+400 (O Couto), de clave AC/19/073.06, no concello de Ponteceso.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de alargamento e mellora da LU-114 na contorna do punto quilométrico 1+100, de clave LU/19/160.10, no concello de Lugo.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Culleredo, dun treito da AC-213 O Burgo (AC-211) - Os Campós (Deput.) desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 1+840.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Tomás Fernández-Couto como director xeral de Defensa do Monte.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Defensa do Monte a Manuel Rodríguez Vázquez.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o convenio ente a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para articular a encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

concellos de Galicia, en relación do incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a Covid-19.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se aproba, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, a segunda ampliación das instalacións da Fundación Instituto Feiral de Vigo e polo que se declaran a urxencia da expropiación e a prevalencia do proxecto.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Fundación Científica da Asociación Española contra el Cáncer, a Fundación Kertor e Janssen Cilag, S.A., para a creación dunha incubadora de proxectos no ámbito do descubrimento de fármacos contra o cancro, por importe de dous millóns seiscentos setenta e cinco mil euros (2.675.000€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Consello da Avogacía Galega para prestar un servizo de asesoramento en materia de ocupación ilegal de vivenda.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra denominada Fase 1 da ampliación e reforma do Hospital de Montecelo, clave PO/20/152.30, cun orzamento base de licitación de cento vinte e nove millóns novecentos trinta mil douscentos cincuenta e catro euros (129.930.254 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, para o período 2021–2024, cunha achega anual por parte da Xunta de Galicia de tres millóns oitocentos vinte e un mil setecentos seis euros con seis céntimos (3.821.706,06 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, para o período 2021–2024, cunha achega anual por parte da Xunta de Galicia dun millón trescentos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

vinte e seis mil novecentos oitenta euros con sesenta céntimos (1.326.980,60 €), tramitado como anticipado de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, para o período 2021–2024, cunha aportación anual por parte da Xunta de Galicia de novecentos vinte e sete mil douscentos catorce euros con trece céntimos (927.214,13 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, para o período 2021–2024, cunha aportación anual por parte da Xunta de Galicia de oitenta e un mil catrocentos oitenta e oito euros con trinta e sete céntimos (81.488,37 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o establecemento dunha compensación ás concesións de servizos públicos regulares de transporte de viaxeiros por estrada de uso xeral da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pola diminución de ingresos pola caída da actividade económica con cargo ao Fondo COVID-19.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.B) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa I de mantemento do emprego e a actividade económica das microempresas de Galicia máis afectadas pola Covid-19 e do programa II de apoio ao sector da hostalaría, por un importe total 54.000.000,00€.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de addendas aos convenios interadministrativos subscritos entre a Consellería do Medio Rural e diversas entidades locais de Galicia para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores La Anunciada de Baiona para a mellora da accesibilidade e a interpretación na lonxa de Baiona mediante un sistema de atención desasistido para os anos 2020-2023, por importe de vinte mil cincocentos oitenta e cinco euros (20.585€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre diagnóstico e proposta normativa en materia de simplificación para a reactivación económica.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan autonómico de reforzo do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia 2020.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA AC-424, NA CONTORNA DO COUTO, NO CONCELLO DE PONTECESO

- *A intervención suporá un investimento superior aos 320.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento das expropiacións dos 5 predios necesarios para executar esta actuación, que incrementará a seguridade viaria dos veciños deste núcleo*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do vindeiro ano, para a súa execución en 2021*
- *Construirase un itinerario por ambas as dúas marxes da estrada que vai a Corme, de aproximadamente medio quilómetro, para darlle continuidade ao xa existente*
- *A actuación incorpora as achegas presentadas para a prolongación do itinerario peonil na marxe dereita da estrada, desde o punto quilométrico 1+380 e ata a contorna da glorieta de Balarés*
- *Para incrementar a seguridade dos peóns limitarase a 40 km/hora a velocidade na travesía e reforzarase a sinalización*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar unha senda peonil e ciclista na estrada autonómica AC-424, na contorna do Couto, no concello de Ponteceso.

O orzamento estimado polo Goberno galego para este proxecto supera os 320.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento das expropiacións dos 5 predios necesarios para executar esta actuación.

Trátase de construír unha senda por ambas as dúas marxes da estrada autonómica que vai a Corme, de aproximadamente medio quilómetro, que dará continuidade á xa existente desde o núcleo de Ponteceso ata o punto quilométrico 1+140.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do vindeiro ano, para a súa execución ao longo de 2021. As obras teñen un prazo de 3 meses.

Con esta obra mellorarase a seguridade viaria na zona de circulación e nas marxes da estrada, no núcleo do Couto.

A senda pola marxe dereita da estrada AC-424 comezará no punto quilométrico 1+100 e acabará no 1+506, coa prolongación da senda aceptada tras a análise das alegacións,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mentres que pola marxe esquerda o itinerario se iniciará no punto quilométrico 1+140 e rematará no 1+378. Os dous itinerarios irán paralelos ao eixe actual da estrada.

Na intervención tense en conta o reducido espazo que hai entre edificacións neste núcleo, o que fai necesario estreitar lixeiramente a estrada -redúcese de 7 metros a 6 metros-, para acadar, con carácter xeral, os 1,5 metros de largo de senda.

Coa vista posta en reforzar a seguridade, fundamentalmente dos usuarios máis vulnerables da estrada, os peóns, a velocidade na travesía limitarase a 40 km/hora, e reforzarse a sinalización nese treito.

Ademais, executaranse obras complementarias como un colector de drenaxe, pequenos muros, a instalación de canalizacións para iluminación e telecomunicacións ou a renovación do firme.

Na seguinte imaxe amósase a actuación proxectada:



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A ELIMINACIÓN DO TAPÓN URBANÍSTICO DA RÚA FISTERRA DE LUGO CO FIN MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NESTA CONTORNA

- *Actuarase para homoxeneizar o largo da estrada autonómica LU-114 corrixindo o estreitamento na marxe dereita da calzada, no punto quilométrico 1+100*
- *A intervención conta cun investimento autonómico de 61.000 euros, aos que se engaden os máis de 15.500 euros para o pagamento dos 2 predios necesarios*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021*
- *Levarase a cabo a ampliación da plataforma para albergar un carril de circulación, unha beirarrúa de 1,75 metros de largo que dea continuidade ao itinerario peonil e unha banda de aparcadoiro de 2,5 metros de largo*
- *O Goberno galego impulsa esta intervención atendendo ao planeamento urbanístico vixente*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a eliminación do tapón urbanístico da rúa Fisterra de Lugo, co fin de mellorar a seguridade viaria nesta contorna.

A actuación conta cun investimento autonómico de 61.000 euros, aos que se engaden os máis de 15.500 para o pagamento dos 2 predios necesarios.

Trátase dunha actuación na estrada autonómica LU-114 que busca solucionar o estreitamento da calzada mediante a mellora e o alargamento na marxe dereita da vía no punto quilométrico 1+100.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021. As obras teñen un prazo de execución de 3 meses.

Para acometer esta intervención é necesario expropiar unha superficie de 80 m², franxa de expropiación que foi delimitada atendendo á liña reflectida no Plan xeral de ordenación municipal vixente. Actualmente, existe neste punto un predio privado con varias edificacións que impide homoxeneizar o largo ao do resto da vía.

Segundo o proxecto de construción, as obras consisten no alargamento e na mellora deste punto, corrixindo o estreitamento na contorna. Para iso, levarase a cabo a ampliación da plataforma para albergar un carril de circulación, unha beirarrúa de 1,75 metros de largo na marxe dereita que dea continuidade ao itinerario peonil e unha



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

banda de aparcadoiro de 2,5 metros de largo.

Os traballos incluírán a demolición das edificacións e instalacións existentes, así como o muro de contención. Construírase, durante a execución das obras, un muro para contención de terras cunha altura máxima de 2 metros e un novo peche para a parte do predio non expropiada.

Como actuacións complementarias, reporase o servizo de abastecemento, así como a rede eléctrica e de telefonía.

Na seguintes imaxes da LU-114 amósase o punto do estreitamento e o plano de planta da actuación prevista.





**XUNTA
DE GALICIA**




Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE, A PROL DO CONCELLO DE CULLEREDO, DO TREITO INICIAL DA ESTRADA AC-213, ENTRE O BURGO E OS CAMPÓS

- *Trátase do treito duns 1,8 quilómetros de lonxitude que discorre integramente polo termo municipal e no cal a Xunta investiu recentemente 350.000 euros na mellora do firme*
- *O Concello terá competencia para actuar nesta vía e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Culleredo, do treito da estrada autonómica AC-213, entre O Burgo e Os Campós.

O Concello solicitou ao Departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade do treito inicial desta estrada, desde o punto quilométrico 0 ao 1+840.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Xunta na Coruña, formula a proposta favorable de transferencia deste treito que discorre na súa totalidade polo termo municipal e que vén de ser obxecto da renovación recente do firme por parte da Xunta, cun investimento de 350.000 euros.

A transferencia a prol do Concello de Culleredo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Goberno galego o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR DE DEFENSA DO MONTE A MANUEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión semanal o nomeamento de Manuel Rodríguez Vázquez como director xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, en substitución de Tomás Fernández-Couto Juanas.

Nado en Ferrol en 1967 e titulado en Enxeñería Técnica en explotacións agropecuarias pola Universidade de Santiago de Compostela, Manuel Rodríguez foi director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria desde a súa creación no ano 2018 ata setembro deste ano.

Manuel Rodríguez comezou a súa andaina profesional como técnico en distintos eidos do sector agrario, fundamentalmente vinculados ao campo da produción e cultivo en viveiros. A continuación, tras ingresar na Administración galega como funcionario do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia na escala de enxeñeiros técnicos agrícolas, desempeñou desde 2001 o seu traballo na antiga Dirección Xeral de Infraestruturas e Estruturas Agrarias, na localidade de Santiago de Compostela como Enxeñeiro Técnico en Funcións Facultativas. Desde o ano 2004 ata o 2010, exerceu como xefe de sección C na mesma dirección xeral, pasando posteriormente ao Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias da Coruña como xefe de Sección de Concentración e Obras.

A principios do ano 2012 asumiu a xefatura do devandito Servizo provincial ata finais do ano 2015 en que pasou a desempeñar os labores propios do posto de xefe territorial da Consellería do Medio Rural da provincia da Coruña. Nesa etapa laboral, encargouse da coordinación do equipo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais desprazado a Portugal en 2017, para colaborar nos traballos de extinción do lume rexistrado en Pedrogao Grande.

Nos derradeiros dous anos exerceu o cargo de Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), responsable dos centros públicos de I+D+i e de formación agraria da Consellería, así como dos produtos de calidade galegos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DO CONVENIO COA FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DE SANCIÓN S RELACIONADAS COA COVID-19 QUE SON COMPETENCIA DOS CONCELLOS

- *Articúlase a encomenda de xestión para realizar actuacións auxiliares e de colaboración para a tramitación dos procedementos sancionadores polo incumprimento das medidas*
- *O convenio ten como obxectivo contribuír a axilizar os procedementos e paliar a carga administrativa de moitos municipios*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia primeira e a Fegamp para articular a encomenda de xestión para realizar actuacións auxiliares e de colaboración na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos relacionadas co incumprimento das medidas de prevención para a loita contra a Covid-19.

A Xunta comprométese a prestar aos concellos que se adhiran ao presente convenio a asistencia técnica e material precisa para tramitar os procedementos sancionadores cando tal incumprimento sexa no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

O convenio ten como obxectivo contribuír a axilizar os procedementos e paliar a carga administrativa de moitos municipios. Os concellos que se adhiran ao presente convenio comprométese a iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores e deberán remitir a Xunta de Galicia a información precisa para que esta poida executar a encomenda de xestión.

O Goberno galego disporá de unidades tramitadoras base, supervisoras e de coordinación que se encargarán da elaboración material dos trámites en auxilio técnico dos instrutores dos procedementos designados polos concellos, que se encargarán da formalización dos actos de carácter xurídico. Tanto as unidades tramitadoras coma os concellos contarán cunha guía de tramitación, en que se recollerán todas as actuacións necesarias para que as unidades tramitadoras poidan completar os expedientes electrónicos de cada procedemento, antes de remitilos aos concellos para o seu arquivamento.

Entre os trámites, o persoal da Xunta poderá encargarse de redactar os acordos de incoación, de realizar as notificacións destes acordos, coas que se achegarán as cartas de pagamento ou de elaborar propostas de resolución nos casos en que non se procedese ao pagamento ou cando haxa alegacións. Todo este apoio se realizará sempre baixo a supervisión do concello -nomeadamente, do instrutor-, que se deberá encargar da súa formalización, como a sinatura dos acordos de incoación ou das



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

propostas de resolución. En definitiva, as unidades tramitadoras da Xunta encargaranse da redacción de documentos e os concellos da súa revisión e sinatura.





A XUNTA APROBA UNHA NOVA AMPLIACIÓN DE IFEVI EN 5000 M² PARA INCREMENTAR A SÚA COMPETITIVIDADE E CONSOLIDAR EVENTOS COMO CONXEMAR, NAVALIA E MINDTECH

- *A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación investirá 7,65 millóns de euros na actuación, que poderá licitarse de xeito inmediato en canto o Concello de Vigo poña os terreos á disposición da Xunta*
- *A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*
- *Con esta actuación, que se suma á ampliación realizada en 2018, na cal se investiron 4M€, a Administración autonómica amosa o seu compromiso con Vigo e co Ifevi*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación en 5000 metros cadrados do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) por parte da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que investirá 7,65 millóns de euros co obxectivo de incrementar a competitividade das instalacións e consolidar a celebración de eventos de referencia no ámbito europeo e internacional como Conxemar, Navalía e Mindtech.

A tramitación realizouse mediante o procedemento recollido na Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Así, unha vez recompilados os informes favorables tanto do Concello de Vigo como dos diferentes órganos sectoriais –o Estado entregou os últimos informes pendentes en outubro–, o proxecto foi aprobado a semana pasada na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

As obras realizaranse mediante un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Axencia Galega de Infraestruturas, que licitará as actuacións de xeito inmediato en canto o Concello de Vigo poña á disposición da Xunta os terreos expropiados. O acordo do Consello da Xunta tamén supón a declaración de urxencia da expropiación e a prevalencia do proxecto.

As novas obras de ampliación buscan manter a configuración orixinal dos pavillóns orixinais, ampliando a zona traseira do actual pavillón 3. Manterase o mesmo programa e uso que nos edificios xa existentes, variando a configuración o mínimo posible.

Con esta actuación, o obxectivo da Xunta é seguir comprometida con Vigo e co Ifevi, como demostrou en 2018 cando investiu máis de 4 millóns de euros na ampliación anterior. En total, desde 2005 a Xunta leva investidos neste recinto feiral de referencia



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

máis de 15 millóns de euros, aos que se suma agora o investimento para este novo proxecto.

GALICIA PON EN MARCHA A PRIMEIRA INCUBADORA DIRIXIDA AO DESCUBRIMENTO DE NOVOS FÁRMACOS NA LOITA CONTRA O CANCRO

- *A Xunta, a multinacional Janssen, a Fundación Kaertor e a Fundación Científica da Asociación Española contra o Cancro poñerán en marcha, no marco da Business Factory Medicines, este proxecto pioneiro en España que busca captar iniciativas a nivel mundial*
- *Cun investimento inicial de 2,7M€, o Goberno galego, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), alcanzará un millón*
- *A previsión é captar expresións de interese a nivel internacional e incubar polo menos cinco iniciativas*
- *Na medida en que os proxectos vaian avanzando na súa maduración incorporárase máis capital privado, a través de beneficios fiscais, fondos de capital risco e acordos con compañías farmacéuticas ata chegar a mobilizar ao redor de 30M€*
- *A incubadora permitirá xerar benestar económico e social, facilitando que os novos medicamentos cheguen antes aos doentes e atraendo talento e investimentos cara a Galicia*

A Xunta de Galicia autorizou hoxe, na reunión do Consello, a sinatura dun convenio de colaboración coa multinacional Janssen, a Fundación Kaertor e a Fundación Científica da Asociación Española contra o Cancro (AECC) para poñer en marcha un programa co obxectivo de acelerar proxectos para o descubrimento de novos fármacos na loita contra o cancro, unha enfermidade da que se diagnostican máis de 19.000 casos ao ano na Comunidade. Con esta primeira iniciativa, Galicia pon en marcha a Business Factory Medicines.

Cun investimento inicial de 2,7M€ nos vindeiros tres anos, dos que a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), alcanza un millón, agárdase que poida chegar a mobilizar 30M€ a medida que os proxectos vaian avanzando na súa maduración ao incorporarse capital privado, a través de beneficios fiscais, fondos de capital risco e grazas a acordos con compañías farmacéuticas.

Trátase dunha iniciativa de colaboración público-privada coa participación de doentes pioneira en España, que busca promover a innovación na área do cancro para acelerar novas opcións terapéuticas para os doentes, así como o desenvolvemento de fármacos a través dun sistema de seguimento por fitos que permitirá maximizar os recursos e favorecer o éxito do proxecto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A través da Business Factory Medicines apoiarase a investigación e potenciaranse o emprendemento e a transferencia de coñecemento para xerar benestar económico e social, permitindo que os resultados cheguen antes ao mercado en forma de fármacos eficaces. Tamén permitirá a retención e atracción de talento e de potenciais investidores á Comunidade, así como impulsar o desenvolvemento do ecosistema biotecnolóxico galego, o que a situará como un referente mundial.

A previsión é captar expresións de interese a nivel mundial, incubar polo menos cinco proxectos, xerar resultados de investigación que dean lugar á súa protección mediante patentes, que as propostas alcancen valor suficiente para a súa transformación en iniciativa empresarial, así como lograr acordos de co-desenvolvemento e, en definitiva, favorecer o ecosistema de descubrimento de fármacos en Galicia.

Para conseguilo, o programa conta con varias fases. A primeira etapa arrinca en decembro coa publicación da convocatoria para avaliar e seleccionar expresións de interese a través dunha chamada internacional. A segunda fase consistirá na incubación e maduración de proxectos. Posteriormente, iniciaranse as fases de aceleración e a de consolidación.

Business Factory Medicines enmárcase na decidida aposta que a Xunta está a realizar nos ámbitos sanitario e biotecnolóxico -con iniciativas como as estratexias de impulso e consolidación da biotecnoloxía, o apoio á creación dun polo de innovación biotecnolóxica en Santiago de Compostela, o desenvolvemento do Hub de innovación dixital liderado por Bioga ou o impulso de varias unidades mixtas de investigación e da incubadora Bioincubatech-. De feito, Galicia conta coa experiencia da primeira incubadora para acelerar proxectos de investigación temperá no descubrimento de novos fármacos en España en que a Xunta colaborou con Janssen e Kaertor, o que situou Galicia como Comunidade autónoma referente e que serve de base para a posta en marcha desta nova incubadora.

Ademais, con esta nova iniciativa Galicia contará cunha nova incubadora no eido do emprendemento innovador que se suma ás Business Factory Auto, Aero e Food -vinculadas ao mundo da automoción, ao sector aeroespacial e ao alimentario, respectivamente-. Todas estas iniciativas están integradas na rede de aceleradoras da Xunta StartIN Galicia.

A XUNTA DESTINA 27.000 EUROS PARA GARANTIR, A PARTIR DE DECEMBRO, ASESORAMENTO XURÍDICO GRATUÍTO AOS AFECTADOS POR CASOS DE OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS

- *O Consello autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Consello da Avogacía Galega co obxectivo de que os propietarios ou usufrutuarios dun inmovble que sufran este fenómeno saiban como actuar e os trámites de carácter administrativo ou xudicial que deben seguir*
- *O servizo prestarano durante un ano avogados de toda Galicia, que atenderán as consultas tanto por vía telefónica como a través dun formulario web*
- *O acordo inclúe tamén a elaboración dunha guía informativa en liña e a realización dun informe de carácter trimestral sobre todas as consultas atendidas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega (CAG), que garantirá asesoramento especializado e gratuíto a aquelas persoas que se vexan afectadas pola ocupación ilegal da súa vivenda. Nos próximos días asinarase o acordo de colaboración de tal xeito que o servizo poderá comezar a prestarse no mes de decembro e prolongarase durante un ano, cunha achega por parte da Xunta de 27.000 euros.

O obxectivo é ofrecer asesoramento profesional gratuíto para que as persoas físicas propietarias ou usufrutuaras de vivendas ocupadas ilegalmente saiban como actuar ante esta situación. A orientación será prestada por profesionais especializados e comprenderá todos aqueles aspectos referidos a trámites de carácter administrativo ou xudicial que garden relación cos dereitos e obrigas dos afectados.

Deste xeito, porase en marcha un servizo de atención xurídica por parte do CAG a través dun sistema de consultas en liña, mediante un formulario web que será contestado vía correo electrónico polo letrado de garda nun prazo de 48 horas; e tamén se habilitará un número 900 de información telefónica, atendido de luns a venres en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os sábados, de 10:00 a 14:00 horas.

Así mesmo, o convenio entre o IGVS e o CAG tamén inclúe outras accións complementarias, co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos con que ambas as partes promoven o convenio. Deste xeito, o Consello da Avogacía Galega encargarse de elaborar unha guía informativa que inclúa todos os trámites de carácter administrativo ou xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas dos propietarios ou usufrutuarios de vivendas ocupadas ilegalmente. Esta guía *online*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

estará lista tamén en decembro e poderá consultarse nas páxinas web do IGVS e do propio Consello da Avogacía.

Por último, o órgano de representación dos letrados galegos comprométese a preparar un informe de carácter trimestral para o IGVS en que se recollan todas as consultas atendidas, con especificación da localidade, a rúa e o número de vivendas ocupadas en cada caso.

Aínda que as competencias autonómicas nesta materia son moi limitadas e lle corresponde ao Goberno central garantir a protección dos cidadáns fronte á ocupación ilegal das súas vivendas, a Xunta considera que debe prestarse apoio ás persoas propietarias e usufrutuarias que se vexan afectadas en Galicia por esta situación.

Por iso, durante a última reunión do Observatorio da Vivenda de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciou un acordo co Consello da Avogacía Galega para habilitar un teléfono de información e asesoramento gratuito para as vítimas deste fenómeno. A medida pretende ofrecer unha resposta en clave galega á preocupación social ante o incremento das ocupacións ilegais e os conseguíntes prexuízos que isto implica para os propietarios, así como para os veciños dos inmobles ocupados.

Rolda de contactos para buscar solucións ao problema

O acordo de colaboración co CAG enmárcase dentro das actuacións impulsadas nos últimos meses pola Consellería de Medio Ambiente para contribuír, dentro do límite das súas competencias, a ofrecer unha resposta axeitada ao fenómeno da ocupación ilegal.

Neste sentido, o departamento autonómico elaborará un mapa galego de vivendas ocupadas co apoio e a colaboración dos axentes da propiedade inmobiliaria e dos administradores de fincas, ademais de ultimar unha proposta de reforma lexislativa que en breve será presentada co fin de trasladarlle ao Estado e instalalo a garantir un novo marco xurídico eficaz, definido e duradeiro fronte ás ocupacións.

Co mesmo obxectivo, abriu tamén unha rolda de contactos con diferentes institucións públicas e privadas, expertos e entidades afectadas directa ou indirectamente pola ocupación ilegal, co fin de intercambiar propostas que axuden a buscar unha solución. Así, a primeira vez que a Xunta deu a voz de alarma sobre o feito de que este fenómeno se estaba agudizando foi durante a Conferencia Sectorial de Vivenda convocada polo Executivo central o pasado mes de xuño.

Posteriormente, a comezos de outubro, a conselleira de Medio Ambiente reuniuse por petición propia co delegado do Goberno en Galicia para abordar a situación na Comunidade e propoñerlle a posta en marcha dunha comisión bilateral co fin de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

establecer unha canle de colaboración e contacto directo con relación á ocupación ilegal de vivendas.

Tamén mantivo unha xuntanza co fiscal xefe de Galicia logo de que o Ministerio Público ditara unha circular aclaratoria para homoxeneizar a súa actuación en todo o país, e recibiu as asociacións de veciños das zonas máis afectadas polo fenómeno *okupa* en Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DO HOSPITAL PÚBLICO GRAN MONTECELO DE PONTEVEDRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 130 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego incrementa o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros para garantir a viabilidade e a calidade das obras do novo hospital público de Pontevedra*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nos vindeiros días as obras, que teñen un prazo de execución de 42 meses e comezarán a mediados do vindeiro 2021*
- *Nesta primeira fase actuarase nunha superficie de 91.642 m², coa construción dun novo edificio de 10 andares*
- *Nas novas instalacións centralizaranse servizos como urxencias, a UCI, a hospitalización con ingreso ou as especialidades de maior complexidade*
- *Na 2ª fase acometerase a reforma dos 47.000 m² do edificio hospitalario actual, cun orzamento de 25 millóns de euros, acadando un investimento total de 155 millóns*
- *O Gran Montecelo atenderá as necesidades asistenciais dunha poboación de 26 concellos e os seus máis de 300.000 habitantes, durante os próximos 50 anos*
- *A Xunta avanza na renovación e mellora das infraestruturas sanitarias, tras a posta en servizo dos novos hospitais de Lugo e Vigo e a ampliación dos hospitais de Ourense e da Costa, en Burela*
- *Actualmente está en execución a reforma e ampliación do complexo hospitalario de Ferrol e impúlsase o novo Complexo Hospitalario da Coruña*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a nova contratación das obras de ampliación do hospital público de Montecelo, en Pontevedra, cun investimento de 129,93 millóns de euros.

O Goberno galego incrementa o orzamento inicial en 15 millóns de euros para garantir a viabilidade e a calidade das obras do novo hospital público Gran Montecelo.

Nos vindeiros días a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, baixo a encomenda do Servizo Galego de Saúde, licitará o contrato para a execución da primeira fase destas obras, que prevén o seu comezo a mediados do vindeiro ano 2021. As obras terán un prazo de execución de 42 meses. O proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2021 recolle unha partida de 13,50 M€ para esta infraestrutura sanitaria.

Trátase de materializar a primeira fase das obras do Gran Montecelo, que no seu conxunto implicará a ampliación do actual hospital pasando dos actuais 47.000m² os 138,646 m².

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nesta primeira fase actuarase nunha superficie de 91.642 m², coa construción dun novo edificio hospitalario como ampliación do actual, distribuído en 10 andares. Este novo edificio, que ocupará unha superficie superior os 12.500 m² estará composto por un primeiro volume, destinado a servizos ambulatorios, que actuará como zócalo dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

Na segunda fase, reformarase o edificio hospitalario actual, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun orzamento de 25 millóns de euros. O investimento global da Xunta de Galicia ascenderá a 155 millóns de euros.

O novo inmovible estará unido ao resto das instalacións do hospital Montecelo e nel centralizaranse servizos como a área de urxencias, a Unidade de Coidados Intensivos, a hospitalización con ingreso ou as especialidades de maior complexidade.

A atención ambulatoria prestarase nas instalacións actuais de Montecelo, aproveitando os investimentos realizados nos últimos anos para adecualas aos servizos de cirurxía maior ambulatoria, cirurxía de curta estancia, un hospital de día e diversas consultas.

O Gran Montecelo disporá de 120 camas máis que na actualidade, onde preto do 60% dos cuartos serán individuais (fronte ao 36% actuais). Aumentarase nun 92% o número de salas e postos de urxencias, e súmanse un 49% máis de postos no Hospital de día (que pasan de 109 a 162), incluíndo, deste xeito, melloras na comodidade, na intimidade e nos espazos de espexemento para pacientes e familiares

Na área de pediatría, os nenos terán salas de xogos, biblioteca, escola ou cine. A carteira de servizos experimentará un impulso importante cunha nova UCI pediátrica e nova unidade de traballo, parto e recuperación do bloque obstétrico, así como unha nova área de medicina nuclear. Tamén se creará un espazo único para as unidades de endoscopia multidisciplinar e diagnóstico biolóxico, entre outras melloras.

No exterior do novo edificio reorganizarase a urbanización para dar acceso e circulación aos tráfico peonís a cuberto e rodados, públicos e privados, e primarase a calidade na integración urbana e paisaxística do novo conxunto.

Para conexión co actual hospital e cos servizos, deséñase unha malla estrutural atravesada pola rúa hospitalaria, que se concibe como espazo de acollida e acceso do hospital e disporá dun aparcadoiro en terraza en continuidade coa rúa. Ademais, construírse un novo edificio de centrais que reúna e ille os usos industriais do hospital.

O Goberno galego mantén así a aposta por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados: o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Coa ampliación os profesionais desenvolverán o seu traballo nun único edificio, cunha única porta de Urxencias, sen interferir na actividade asistencial do antigo edificio, co que posteriormente se realizará a conexión.

Esta distribución foi definida polos propios profesionais da sanidade pública, con achegas de 300 traballadores obtidas en 120 reunións e con 2.400 enquisas.

Coas obras de ampliación e reforma, o Gran Montecelo verá ampliada a súa capacidade para atender as necesidades asistenciais dunha poboación de 26 concellos e os seus máis de 300.000 habitantes, dos próximos 50 anos.

Co impulso das obras de construción do Gran Montecelo, o Goberno galego avanza no obxectivo da renovación e mellora das infraestruturas sanitarias da nosa Comunidade, tras a posta en servizo dos novos hospitais de Lugo e Vigo, e a ampliación dos hospitais de Ourense e da Costa, en Burela. Actualmente está en marcha a reforma e ampliación do complexo hospitalario de Ferrol, mentres se continúa a impulsar o novo Complexo Hospitalario da Coruña (Novo Chuac).

Na seguintes imaxes amósanse as infografías do Gran Montecelo:

Vista xeral do hospital:





**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Zona de acollida e acceso:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O NOVO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 15,2 M€ PARA OS VINDEIROS 4 ANOS

- *A Xunta financiará as bonificacións nos billetes, os transbordos e os descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas coa achega de máis de 3,8 M€ ao ano*
- *Os 17 municipios integrantes da área de transporte metropolitano da Coruña, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán case 1,2 M€ anuais*
- *O plan supón que 160.000 veciños da área se beneficien de descontos da tarxeta TMG nos desprazamentos cotiáns, acadando aforros de 1.000 euros anuais*
- *Nesta área tamén hai 22.000 menores de 21 anos que viaxan gratis en autobús coa tarxeta Xente Nova, que a mediados de 2021 se estenderá a toda a comunidade*
- *O acordo dálle continuidade ao plan en condicións similares ás aplicadas desde 2011 mentres a Xunta avanza cara á implantación da Área de Transporte de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano da Coruña, cun investimento autonómico de máis de 15,2 millóns de euros para os vindeiros 4 anos.

O Goberno galego achegará anualmente máis de 3,8 millóns de euros para financiar os descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Entre os 17 concellos integrantes desta Área de transporte, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán case 1,2 millóns de euros ao ano.

Cómpre lembrar que este plan está integrado pola Xunta e os concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, A Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada.

O obxectivo do convenio hoxe aprobado é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2011.

No marco do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, a Xunta financia o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, o plan, que incrementou en máis do 30% o uso do transporte público, rexistrou desde a súa posta en marcha a realización de 56 millóns de viaxes bonificadas.

Na actualidade case 160.000 veciños da área da Coruña estanse a beneficiar dos descontos da tarxeta de transporte metropolitano, TMG, nos desprazamentos cotiáns, coa que poden acadar aforros que roldan os 1.000 euros ao ano.

Tarxeta Xente Nova

Ademais, nesta área tamén hai 22.000 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova.

A Xunta prevé culminar a mediados de 2021 a extensión da tarxeta Xente Nova e da TMG a todas as liñas de autobús da comunidade.

O acordo aprobado hoxe renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na área da Coruña, ao tempo que a Xunta continúa avanzando cara á implantación da Área de Transporte de Galicia, que suporá estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano ao conxunto do territorio.

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade e despenalizará os transbordos, incluídos os que impliquen o autobús urbano, que serán bonificados ao 100% polo Executivo autonómico.

O Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O NOVO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 5,3 M€ PARA OS VINDEIROS 4 ANOS

- *A Xunta financiará as bonificacións nos billetes, os transbordos e os descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas coa achega de máis de 1,3 M€ ao ano*
- *Os 18 concellos desta área de transporte metropolitano, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán case 441.000 euros anuais*
- *O plan supón que 74.000 veciños da área se beneficien de descontos da tarxeta TMG nos desprazamentos cotiáns, acadando aforros de 1.000 euros anuais*
- *Nesta área tamén hai máis de 12.000 menores de 21 anos que viaxan gratis en autobús coa tarxeta Xente Nova, que a mediados de 2021 se estenderá a toda a comunidade*
- *O acordo dálle continuidade ao plan en condicións similares ás aplicadas desde 2011 mentres a Xunta avanza cara á implantación da Área de Transporte de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Santiago, cun investimento autonómico de máis de 5,3 millóns de euros para os vindeiros 4 anos.

O Goberno galego achegará anualmente máis de 1,3 millóns de euros para financiar os descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Entre os 18 concellos integrantes da Área de transporte, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán case 441.000 euros ao ano.

Cómpre lembrar que este plan está integrado pola Xunta e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Teo, Brión, O Pino, Boqueixón, Val do Dubra, Touro, Trazo, Oroso, Vedra, A Baña, A Estrada, Negreira, Ordes, Padrón, Rois e Vila de Cruces.

O obxectivo do convenio aprobado hoxe é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha no ano 2011.

No marco do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, a Xunta financia o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, o plan, que incrementou en máis do 62% o uso do transporte público, rexistrou desde a súa posta en marcha a realización de 17 millóns de viaxes bonificadas.

Na actualidade máis de 73.700 veciños da área da de Santiago estanse a beneficiar dos descontos da tarxeta de transporte metropolitano, TMG, nos desprazamentos cotiáns, coa que poden acadar aforros que poden superar os 1.000 euros ao ano.

Tarxeta Xente Nova

Ademais, nesta área tamén hai máis de 12.000 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova.

A Xunta prevé culminar a mediados de 2021 a extensión da tarxeta Xente Nova e da TMG a todas as liñas de autobús da comunidade. Esta iniciativa, cuxo obxectivo é facilitar o acceso aos servizos básicos formando as novas xeracións no uso do transporte público, tamén contribúe a incrementar os aforros dos galegos.

Este acordo renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na área de Santiago, ao tempo que a Xunta continúa avanzando cara á implantación da Área de Transporte de Galicia.

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda Galicia e despenalizará os transbordos, incluídos os que impliquen o autobús urbano, que serán bonificados ao 100% polo Executivo autonómico.

A Xunta continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O NOVO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS PARA OS VINDEIROS CATRO ANOS

- *A Xunta financiará as bonificacións nos billetes, os transbordos e os descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas coa achega de máis de 927.000 € ao ano*
- *Os 11 municipios desta área de transporte metropolitano, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán anualmente preto de 353.000 euros*
- *O plan supón que máis de 71.400 veciños se beneficien de descontos da tarxeta TMG nos desprazamentos cotiás, acadando aforros de 1.200€ anuais*
- *Nesta área tamén hai máis de 9.600 menores de 21 que viaxan gratis en autobús coa tarxeta Xente Nova, que a mediados de 2021 se estenderá a toda a comunidade*
- *A Xunta tamén renovará o convenio con Renfe para manter a integración da liña de Feve no sistema de transporte metropolitano*
- *O acordo dálle continuidade ao plan en condicións similares ás aplicadas desde 2011 mentres a Xunta avanza cara á implantación da Área de Transporte de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de Ferrol, cun investimento da Xunta superior aos 3,7 millóns de euros para os vindeiros 4 anos.

O Goberno galego achegará anualmente máis de 927.000 euros para financiar os descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais a usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Entre os 11 concellos integrantes desta Área de transporte, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán preto de 353.000 euros.

Cómpre lembrar que este plan está integrado pola Xunta e os concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño.

O obxectivo do convenio hoxe aprobado é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en 2011.

No marco do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, a Xunta financia o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, este Plan permitiu que entre o 2017 e o 2019 aumentase un 10% o número de viaxes realizadas dentro do Plan de transporte metropolitano de Ferrol, superándose o ano pasado a cifra de 2,65 millóns de viaxes bonificadas.

Este plan social supón que na actualidade máis de 71.400 veciños da área da Ferrol se benefician xa dos descontos da tarxeta de transporte metropolitano, TMG, nos seus desprazamentos cotiáns, coa que poden acadar aforros de ata 1.200 euros ao ano.

No caso da área de Ferrol, o Plan de transporte metropolitano inclúe tamén os servizos ferroviarios de Feve, polo que a Xunta tamén renovará o convenio con Renfe para manter a integración desta liña no sistema de transporte metropolitano entre os concellos integrados, cun orzamento de preto de 27.000 euros.

Máis de 9.600 mozos viaxan gratis

Ademais, na Área de Transporte de Ferrol tamén hai máis de 9.600 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova.

A Xunta prevé culminar a mediados de 2021 a extensión da tarxeta Xente Nova e da TMG a todas as liñas de autobús da comunidade.

O acordo aprobado hoxe renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na área de Ferrol, ao tempo que a Xunta continúa avanzando cara á implantación da Área de Transporte de Galicia, que suporá estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano ao conxunto do territorio.

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade e despenalizará os transbordos, incluídos os que impliquen o autobús urbano, que serán bonificados ao 100% polo Executivo autonómico.

O Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O NOVO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 326.000 EUROS PARA OS VINDEIROS 4 ANOS

- *A Xunta financiará as bonificacións nos billetes, os transbordos e os descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas coa achega de case 81.500 euros ao ano*
- *Os 9 municipios desta área de transporte metropolitano, que xa referendaron oficialmente o novo convenio, achegarán máis de 19.000 euros anuais*
- *O plan supón que 7.300 veciños da área se beneficien de descontos da tarxeta TMG nos desprazamentos cotiáns, acadando aforros de 800 euros anuais*
- *Nesta área tamén hai 1.300 menores de 21 anos que viaxan gratis en autobús coa tarxeta Xente Nova, que a mediados de 2021 se estenderá a toda a comunidade*
- *O acordo dálle continuidade ao plan en condicións similares ás aplicadas desde 2012 mentres a Xunta avanza cara á implantación da Área de Transporte de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do novo convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Lugo, cun investimento autonómico de case 326.000 euros para os vindeiros 4 anos.

O Goberno galego achegará anualmente preto de 81.500 euros para financiar os descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Entre os 9 concellos integrantes da área de transporte, que xa referendaron oficialmente este novo convenio, achegarán máis de 19.000 euros ao ano.

Cómpre lembrar que este plan está integrado pola Xunta e os concellos de Lugo, Castro de Rei, Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Castroverde, Rábade, Friol e Baleira.

O obxectivo do convenio hoxe aprobado é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en novembro de 2012.

No marco do Plan de transporte metropolitano, o Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, A Xunta financia o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.

O plan, que incrementou nun 27% o uso do transporte público nesta área, rexistrou desde a súa posta en marcha máis dun millón de viaxes bonificadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Este plan supón que na actualidade case 7.300 veciños da área de Lugo se beneficien dos descontos da tarxeta de transporte metropolitano, TMG, nos desprazamentos cotiáns, coa que poden acadar aforros que roldan os 800 euros ao ano.

Tarxeta Xente Nova

Ademais, nesta área tamén hai 1.300 mozos menores de 21 anos que viaxan de balde en autobús coa tarxeta Xente Nova.

A Xunta prevé culminar a mediados de 2021 a extensión da tarxeta Xente Nova e da TMG a todas as liñas de autobús da comunidade.

O acordo aprobado hoxe renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na área de Lugo, ao tempo que a Xunta continúa avanzando cara á implantación da Área de Transporte de Galicia, que suporá estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano ao conxunto do territorio.

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade e despenalizará os transbordos, incluídos os que impliquen o autobús urbano, que serán bonificados ao 100% polo Executivo autonómico.

O Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN NOVO PAGAMENTO DE 20 MILLÓNS DE EUROS DO FONDO ESTATAL DE COMPENSACIÓN ÁS EMPRESAS DE TRANSPORTE PÚBLICO POLA CAÍDA DA ACTIVIDADE POLA COVID-19

- *A Xunta, con esta achega e as anticipadas nos últimos meses, completa o importe total comprometido de máis de 28 millóns de euros*
- *Trátase de achegar liquidez ao sector do transporte para poder garantir a prestación dos servizos públicos e manter os empregos*
- *Os servizos de transporte de competencia autonómica rexistraron reducións de usuarios que acadaron o 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria*
- *As compensacións que lle corresponden a cada concesionaria calcularanse segundo a diminución da demanda, os custos da adaptación dos servizos e o incremento dos custos de explotación por mor da crise sanitaria*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo para realizar un novo pagamento de 20 millóns de euros do fondo estatal para compensar as empresas de transporte público pola caída da actividade derivada da covid-19.

O Goberno galego, con esta achega aprobada hoxe e os anticipos realizados nos últimos meses, completa o importe total comprometido de máis de 28 millóns de euros.

Con esta iniciativa, preténdese achegar liquidez ao sector do transporte para garantir a prestación dos servizos públicos e manter os empregos.

O fondo creado compensa a cada concesionaria o impacto da crise sanitaria desde a primeira declaración do estado de alarma ata o 31 de decembro de 2020.

Como consecuencia das restricións de mobilidade derivadas da covid-19, os servizos de transporte de competencia autonómica rexistraron reducións medias de usuarios que acadaron niveis superiores ao 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria.

Non obstante, as concesionarias deberon manter un volume de oferta de servizos axeitado para garantir a mobilidade das persoas e o seu acceso aos seus postos de traballo ou a outras actividades esenciais.

Ademais, a prestación dos servizos viuse afectada tamén polo reforzo das medidas de seguridade sanitaria, como a desinfección dos vehículos, a posta á disposición dos usuarios de xeles desinfectantes ou outras indicacións que se foron establecendo ao longo destes meses.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, a compensación a cada concesión calcularase segundo a diminución da demanda, os custos fixos a consecuencia da adaptación dos servizos autorizada pola Administración e o incremento dos custos de explotación por mor da crise sanitaria.

Unha vez aprobado o acordo, nun prazo de dez días a contar desde a entrada en vigor desta orde, a Dirección Xeral de Mobilidade comunicará ás concesionarias o importe que lle corresponde.

As empresas disporán dun prazo de cinco días, desde a comunicación da anterior información, para confirmar a aceptación da indemnización calculada pola Administración.



A XUNTA ACTIVA MAÑÁ O PLAN DE RESCATE PARA MICROEMPRESAS E PARA ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS PECHADOS CON 54 MILLÓNS EN AXUDAS

- *Con estes apoios complétase a posta en marcha das tres liñas previstas no Plan de rescate da Xunta para os sectores máis afectados pola pandemia: autónomos, microempresas e sector da hostalaría*
- *Resérvanse para a hostalaría axudas específicas por valor de 17 millóns de euros que, sumados ao resto das liñas complementarias e acumulables, reportarán entre 6.700 e 9.200 euros por establecemento pechado polas recomendacións sanitarias*
- *As novas liñas prevén apoios de entre 4.000 e 5.000 euros para microempresas, persoas autónomas con persoal contratado e pemes*
- *A orde coas bases e a convocatoria dos dous programas publicarase mañá no Diario Oficial de Galicia e prevé unha tramitación áxil e sinxela, polo que o Goberno autonómico prevé que as primeiras contías poidan recibirse xa durante decembro*

A Xunta vén de informar as bases e da convocatoria dos dous programas do Plan de rescate autonómico dirixidos a apoiar microempresas (e pemes de sectores especialmente paralizados) e para o sector hostaleiro, que suman 54 millóns de euros destinados aos sectores máis afectados pola Covid-19. Coa activación destas dúas liñas -mediante a publicación mañá no Diario Oficial de Galicia (DOG)- completaranse as convocatorias das tres partes que integran o Plan de rescate lanzado pola Xunta cun total de 84 millóns de euros en axudas. A semana pasada abriuse o prazo de solicitude da liña que ten como beneficiarias as persoas traballadoras autónomas con ou sen empregados.

Con esta iniciativa, a Xunta pretende contribuír ao mantemento do emprego e da actividade económica de 30.000 persoas traballadoras autónomas e de 10.000 microempresas, así como apoiar a actividade dos establecementos da hostalaría, afectados polos peches recomendados polas autoridades sanitarias nos concellos que, no peor dos casos, están inactivos desde o pasado mes de outubro.

As liñas que se activan mañá diríxense, por unha parte, a microempresas e persoas autónomas con persoal contratado de calquera sector que poden optar a apoios de 4.000 euros. Para microempresas e persoas autónomas con persoal contratado, así como pemes, de sectores especialmente paralizados as axudas serán de 5.000 euros. As actividades que se consideran especialmente paralizadas especificaranse na orde do DOG e serán, entre outras, o lecer nocturno, atraccións de feira, transporte, axencias de viaxes, cines ou comidas preparadas para eventos.

Para acceder ás contías, que van dos 4.000 euros aos 5.000 euros, segundo o caso, os empresarios deben acreditar ter ou ter autorizado con anterioridade un ERTE de calquera tipo e/ou duración pola Covid-19 desde a declaración do estado de alarma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, a baixa na súa facturación debe ser de polo menos o 45% en relación co ano anterior.

Como contraprestación, os perceptores das axudas deberán comprometerse a manter o emprego durante seis meses contados desde a publicación da orde no DOG.

Hostalaría pechada

O programa de apoio ao sector da hostalaría, que tamén se activa mañá, conta pola súa banda con 17 millóns de euros que permitirán conceder a cada establecemento axudas de 1.500 euros por cada mes de peche (contado desde o pasado outubro) e de 2.000 euros ao mes, no caso de que se trate de empresas con 10 ou máis traballadores. Poden beneficiarse delas persoas traballadoras autónomas do sector (ademais de restaurantes, bares e cafetarías, e inclúe hoteis, casas rurais, hostais e outros aloxamentos), microempresas e pemes afectadas polo peche do establecemento ditado polas autoridades sanitarias da Xunta desde o pasado outubro ou, no caso dos aloxamentos, polo peche perimetral dos concellos en que están situados.

Todas as axudas son complementarias e acumulables entre si polo que, no caso dos autónomos con establecementos hostaleiros, as contías das axudas poderán oscilar entre os 6.700 euros ata os 9.200 euros, cifras que sitúan Galicia á cabeza das comunidades autónomas en canto aos apoios dispensados a este sector.

O plan de rescate deseñouse en colaboración cos colectivos profesionais e sectoriais. No caso dos hostaleiros, este acordo referendouse nun documento conxunto asinado por representantes da Xunta e a Mesa de negociación da hostalaría de Galicia -na cal están representadas as asociacións provinciais- máis o Clúster de Turismo.

A Xunta avogou por un mecanismo de tramitación sinxelo para as axudas, electrónico e por medio dunha declaración responsable dos candidatos. Ao se tratar dun sistema áxil, calcúlase que as primeiras contías poderán chegar aos seus destinatarios no mes de decembro.

A XUNTA DESTINARÁ ARREDOR DE 11 M€ A REFORZAR A COLABORACIÓN COS CONCELLOS NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- *Estes fondos compensarán os gastos adicionais rexistrados neste 2020 polas entidades locais a causa da Covid-19 en materia de loita fronte ao lume e fornecerán as addendas aos convenios para a campaña de 2021*
- *Así, a Xunta achega máis cartos aos concellos este ano pola Covid-19 e, ademais, anticiparalle o 90% do importe das actuacións do vindeiro exercicio*
- *A colaboración cos municipios fai especial fincapé no traballo preventivo, mediante a xestión da biomasa vexetal, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes*

A Xunta mantén e reforza a colaboración coas entidades locais na prevención e defensa contra os incendios forestais cunha nova achega de preto de 11 millóns de euros. Estes fondos compensarán os gastos adicionais rexistrados neste 2020 polos concellos a causa da Covid-19 en materia de loita fronte ao lume e fornecerán as addendas aos convenios para a campaña de 2021.

Así, o Consello do Goberno galego autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a incrementar nun total de 387.900 euros o orzamento para esta finalidade correspondente ao 2020, co fin de que poidan facer fronte ao aumento dos custos motivados pola pandemia. Ademais, a Xunta anticiparalles aos concellos o 90% do importe das actuacións do vindeiro exercicio, que teñen un orzamento de 10.578.162,45 euros.

As achegas da Administración autonómica servirán para reforzar a loita contra os lumes a través dunha serie de actuacións por parte dos concellos. Así, por medio das addendas aos 268 convenios asinados en 2019, as motobombas municipais participarán na defensa contra os incendios baixo o dispositivo da Xunta e os traballadores dos concellos realizarán tratamentos preventivos de xeito mecanizado en vías de titularidade municipal. Ademais, as brigadas pasarán a formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa, de extinción e de prevención, mediante rozas de xeito manual.

A cooperación cos municipios fai especial fincapé nas actuacións preventivas, mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes. Con estes traballos preténdese crear descontinuidades horizontais e verticais, de xeito que se consigan modelos en que o lume, en caso de producirse, avance con máis lentitude, menor intensidade e con chamadas de menor lonxitude.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O obxectivo de todas estas actuacións é o de anticiparse aos lumes e reducir ao mínimo as súas consecuencias, tanto ecolóxicas coma económicas e sociais. Con isto acadarase un beneficio para o monte en particular e para toda a sociedade galega en xeral.

Este tipo de convenios cos concellos púxose en marcha no ano 2013. Dende aquela, a Xunta destina unha media de 11 millóns de euros anuais a dotar estes acordos, que garanten e facilitan a participación activa dos municipios, dentro das súas competencias, na loita contra os lumes forestais.

A XUNTA IMPLANTARÁ NA LONXA DE BAIONA UN SISTEMA DE DIVULGACIÓN PARA POÑER EN VALOR A CULTURA MARIÑEIRA E ATRAER O TURISMO

- *Trátase dunha acción piloto do proxecto Ecodestin_3IN e realizarase a través dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores La Anunciada, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta*
- *O Executivo galego encárgase de instalar os elementos necesarios para esta actuación e un sistema de videovixilancia para garantir a seguridade das persoas e bens da lonxa e a confraría ocuparase do seu mantemento e xestión*
- *A vixencia da colaboración é desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023 coa posibilidade de prórroga se o así o deciden ambas as partes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores La Anunciada de Baiona para a execución dunha acción piloto que busca mellorar a accesibilidade e a divulgación da cultura mariñeira na lonxa de Baiona co obxectivo de acondicionala para visitas e atraer o turismo. Esta actuación piloto enmárcase no proxecto Ecodestin_3IN e a ela a Consellería do Mar destinará un total de 20.585 euros para desenvolve-la no período 2020-2023.

Con esta colaboración a lonxa de Baiona, da que é concesionaria a confraría, funcionará como un espazo para a divulgación, a adquisición de coñecementos e a posta en valor da cultura mariñeira da zona. Ao mesmo tempo, con ela contribúese á valorización do patrimonio cultural e natural, ao desenvolvemento do turismo costeiro e á promoción internacional de Galicia e da Eurorrexión como destino náutico e natural de costa.

A través do convenio, que establece as condicións de colaboración, a Consellería do Mar asume, por unha banda, a instalación na lonxa de Baiona dos elementos necesarios para a divulgación, adquisición de coñecementos e posta en valor da cultura marítima desta localidade e a implantación dun sistema de atención.

Entre os elementos que se instalarán están unha *smart TV*, un tótem, sete carteis informativos con iluminación axeitada, a sinalización dos espazos expositivos e unha placa informativa no exterior da lonxa. A colaboración tamén inclúe a montaxe do equipamento necesario para que o visitante que fai reserva poida activar a través dun código QR a conexión cos elementos interpretativos da lonxa (*smart TV* e tótem). Ademais, a Consellería do Mar encárgase da instalación dun sistema de videovixilancia para garantir a seguridade das persoas e dos bens da lonxa, financiará o mantemento deses sistemas e os custos e realizará apoio e asesoramento técnico en relación coas actuacións do convenio.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra banda, a Confraría de Pescadores de Baiona encargárase do mantemento e xestión do sistema de atención da lonxa, dos elementos de mellora da accesibilidade e interpretación e do sistema de seguridade. Tamén se ocupará dos correspondentes seguros de responsabilidade civil e de danos que cubran as persoas que entren na lonxa e os elementos instalados, respectivamente.

A vixencia da colaboración é desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, coa posibilidade de prórroga se o así o deciden ambas as partes. Da contía total destinada a esta colaboración, 1.085 euros serán para a anualidade 2020 e 6.500 euros ao ano para as anualidades 2021, 2022 e 2023.

Para a supervisión deste convenio a Confraría de Baiona deberá informar a Consellería do Mar das actividades mediante un informe anual, e crearase unha comisión de seguimento que estará constituída pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e un membro do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro e pola patroa maior e outro membro da Confraría de Pescadores de Baiona.

A XUNTA APOSTA POLA SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA PARA FACILITAR A IMPLANTACIÓN DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS

- *O Consello da Xunta abordou hoxe unha proposta normativa que avoga por unha nova cultura administrativa, dirixida a racionalizar os trámites administrativos para facilitar a reactivación económica*
- *O texto legal recollerá mecanismos de apoio financeiro e fiscal para as empresas*
- *Incluirá tamén a tramitación simultánea e o prazo inferior a tres meses para a emisión de informes*
- *Aposta pola creación de catálogos que recollerán todos os trámites administrativos exixibles para a implantación dos proxectos empresariais*

A Xunta de Galicia aposta pola simplificación administrativa para facilitar a implantación das iniciativas empresarias no marco dunha nova cultura administrativa, dirixida a axilizar e racionalizar os procedementos administrativos para impulsar a reactivación económica.

O Consello da Xunta abordou hoxe una proposta de normativa que coordinará a actuación dos distintos órganos da Administración autonómica, recollerá mecanismos de apoio financeiro e fiscal para fomentar a implantación das empresas e establecerá, entre outras medidas, a tramitación simultánea e un prazo máximo de tres meses para emitir un informe co fin de facilitar os trámites administrativos co conseguinte aforro de tempo e recursos.

Nun contexto coma o actual cobra vital importancia evitar as duplicidades e os solapamentos nos procedementos administrativos, co obxectivo de diminuír os tempos na emisión de informes e axilizar os trámites necesarios para o desenvolvemento das distintas iniciativas empresariais.

Financiamento para a reactivación económica

O texto normativo recollerá instrumentos específicos de financiamento para as diversas iniciativas empresariais promovidas por *startups*, emprendedores e outras pequenas empresas.

Estableceranse beneficios fiscais nas transmisións onerosas e actos xurídicos documentados que afecten a adquisición de inmobles vencellados a iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas ou en áreas rurais, así como nos documentos notariais que formalicen a adquisición onerosa, agrupación, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles en zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

Simplificación da tramitación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A proposta normativa introducirá mecanismos de simplificación para a obtención das licenzas de edificación ou rehabilitación e procurará a colaboración dos concellos nas melloras de simplificación para obter os títulos municipais habilitantes. Estas medidas suporán unha redución dun terzo sobre os prazos actuais.

Establecerá un prazo xeral de tres meses para a emisión dos informes e, ademais, evitaranse as duplicidades de trámites coa posibilidade de tramitación conxunta.

Tamén recollerá o principio xeral de xestión simultánea de todos os trámites que se poidan realizar deste xeito, de forma que cando sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente solicite a emisión de todos eles simultaneamente.

Ademais, establecerá a posibilidade de que os informes sectoriais non teñan carácter sucesivo, para que todos os órganos que deban emitir informes estuden o proxecto no mesmo período temporal. Poderanse conservar os trámites administrativos autonómicos xerados nos sucesivos procedementos relativos a unha mesma iniciativa.

Medidas de apoio administrativo: os catálogos

Entre as medidas de apoio administrativo á implantación das iniciativas empresariais, a normativa recolle a creación do sistema de atención ao investimento, como sistema de información para apoiar os emprendedores na posta en marcha das iniciativas empresarias e facilitar a súa implantación.

A través deste sistema poderase acceder a unha serie de catálogos por sectores de actividade, que recollerán todos os trámites administrativos exigibles para a implantación das iniciativas empresariais, así como unha serie de formularios e modelos de solicitude e documentación asociados aos procedementos. Estas figuras supoñen unha gran simplificación de cara ás empresas e, en particular, aos emprendedores, que poderán consultar os trámites que lles exixirá a Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Neste marco, refórzase tamén a *Oficina Doing Business Galicia* como unidade especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e daquelas iniciativas empresarias prioritarias; e unha rede de oficinas de apoio á empresa para o asesoramento individualizado aos empresarios.

Instrumentos de gobernanza dos fondos de recuperación

O texto legal incluírá, ademais, unha serie de normas que serán de aplicación na planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos que proveñan dos fondos de recuperación ou daqueles mecanismos que os substitúan e teñan como finalidade o financiamento de iniciativas empresariais en Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para isto, refórzase a Comisión Interdepartamental Next Generation como órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que poden financiarse con estes fondos.

Para a aprobación destes plans e proxectos poderase contar coas achegas do Comité de Expertos Económicos de Galicia, dos representantes da patronal e dos sindicatos no seo do dialogo social, e dun grupo de traballo creado en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia.



A XUNTA DESTINA 10 MILLÓNS DE EUROS A REFORZAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA CHEGAR A 6000 PERSOAS CON DEPENDENCIA MÁIS

- *Poñeranse en marcha máis dun millón de horas de atención ao ano*
- *Estarase en disposición de cubrir o 100% da demanda deste servizo, que xa chega a 24.000 galegas e galegos*
- *Prestarase especial atención ás zonas rurais, co fin de garantir o benestar de persoas dependentes que viven soas ou en parella*
- *Galicia consolidará en 2021 o seu liderado a nivel nacional en SAF ao destinar a esta prestación 83,6 millóns de euros, un 10% máis que neste ano*

O Consello da Xunta vén de informar do lanzamento dun Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dotado cun investimento de 10 millóns de euros para a posta en marcha, con efectos inmediatos, de máis dun millón de horas de atención ao ano á disposición das persoas que as necesiten. Con este reforzo poderanse atender a unhas 6000 persoas maiores dependentes por toda Galicia máis que agora, isto é o 100% da demanda deste servizo.

Este novo millón de horas de SAF repartiranse naqueles lugares onde sexan máis necesarias, con especial atención ás zonas rurais. Nestas contornas a axuda a domicilio é fundamental para garantir o benestar das persoas con dependencia que viven soas ou en parella. Ademais, este plan de reforzo permitirá a creación de máis de 1000 postos de traballo no sector dos coidados.

A través do Servizo Axuda no Fogar reciben atención profesional nos seus fogares 24.000 galegas e galegos en situación de dependencia, o que supón a terceira parte do total de persoas que reciben unha prestación ou servizo da Lei de dependencia. De feito, Galicia é líder a nivel nacional en SAF, posto que duplica a porcentaxe de persoas que se benefician deste servizo no conxunto de España.

Coidado nos fogares

No ano 2021 a nosa comunidade seguirá a estar á cabeza en atención a persoas dependentes por medio do SAF. Para este fin, a Xunta ten previsto destinar a este servizo 83,6 millóns de euros, un 10% máis que o investido neste ano 2020. O obxectivo é satisfacer a preferencia que maioritariamente teñen as galegas e galegos de máis idade de seren atendidos nas súas propias casas cando comezan a necesitar apoio.

De feito, o Executivo autonómico dispón dun amplo catálogo de recursos que se adaptan as necesidades de cada fogar. Entre estes, salientan as axudas para coidados na contorna familiar, o programa xantar na casa, a teleasistencia ou o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).